

Engádesse unha disposición transitoria ao Acordo do 20 de xuño de 1995 polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia que imparte ensinanzas distintas das universitarias.

A previsión de incremento das necesidades de persoal docente derivada da COVID-19 levou a que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade convocara, no mes de xullo de 2020, listas de interinidades e substitucións en 42 especialidades.

Aínda así, o incremento de necesidades de profesorado e as renuncias que se producen aos chamamentos realizados, provocan a necesidade de realizar novas convocatorias de listas de interinidades e substitucións que deben confeccionarse con urxencia.

Por esa razón, engádesse unha disposición transitoria ao Acordo do 20 de xuño de 1995, coa seguinte redacción:

1. Con motivo do COVID-19 e ata a finalización do curso académico no que as autoridades correspondentes determinen que deixaron de concorrer as circunstancias extraordinarias derivadas da pandemia xerada pola COVID-19 que motivaron a súa aprobación, se unha vez realizado o chamamento a todas as persoas que constan nas relacións mencionadas no punto segundo, continuase resultando necesario cubrir necesidades de profesorado, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, logo de comunicación ás organizacións sindicais con presenza na mesa sectorial docente non universitaria, procederá a abrir un prazo de solicitudes, aplicándose como único punto do baremo a nota media do expediente académico **alegado para ingreso no corpo.**

Para os posibles desempates daráselle prioridade a quen teña como inicial do primeiro apelido a letra que resulte do sorteo feito no ano da convocatoria pola

Consellería de Facenda para os procedementos selectivos. De resultar necesario aplicarase a mesma letra ao segundo apelido.

2. Será requisito imprescindible a acreditación de coñecementos de lingua galega a través da presentación de Celga 4, do curso de perfeccionamento da lingua galega ou da correspondente validación ou equivalencia, o título de licenciatura en Filoloxía Galego-Portuguesa, certificado de aptitude ou nivel avanzado de galego da escola oficial de idiomas ou certificado de ter o curso de especialización en lingua galega.

3. De establecerse na convocatoria a exención temporal do requisito de formación pedagóxica e didáctica de posgrao ou equivalente, terán prioridade, en todo caso, as persoas aspirantes ao desempeño de postos en réxime de interinidade ou substitución que estean en posesión do título oficial de posgrao que acredite a súa formación pedagóxica e didáctica, ou formación equivalente.

4. En ningún caso, consolidará o dereito á prioridade na lista previsto no punto segundo.1 deste acordo, o persoal que accedera inicialmente a lista correspondente sen estar en posesión da formación pedagóxica e didáctica esixible con carácter xeral.

5. O persoal que, se é o caso, sexa chamado para prestar servizos sen estar en posesión do título oficial de posgrao que acredite a formación pedagóxica e didáctica, deberá realizar a formación que sobre este particular deseñe a Consellería de Cultura, Educación e Universidade.